

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 22/11/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Isabel Couselo Torres, en substitución de D. Javier Tourís Romero
	D <sup>a</sup> . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D <sup>a</sup> . Belén Cachafeiro Anta
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D <sup>a</sup> . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D <sup>a</sup> . María Nava Castro Domínguez
	D <sup>a</sup> . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D <sup>a</sup> . Ana Laura Iglesias González, en substitución de D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D <sup>a</sup> . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D <sup>a</sup> . Beatriz Lomba Rodríguez
	D <sup>a</sup> . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e dous de novembro do ano dous mil vinte e catro, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024068310)**

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: XCOSV9FU32ZDN7ET), correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DAR CONTA DOS INFORMES DE ARBOREDO REALIZADOS POLA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DURANTE O 2024 (EXPTE.: 2024075795)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

*“DAR CONTA DOS INFORMES DE ARBOREDO REALIZADOS POLA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DURANTE O 2024*

*Os técnicos da Estación Fitopatolóxica Areeiro, da Deputación de Pontevedra, realizan informes sobre a avaliación do estado xeral e do risco que poden ter asociados diferentes árbores ou formacións arbóreas de xardíns, áreas urbanas ou zonas forestais, previa solicitude do concello ou responsable das árbores mediante instancia xenérica.*

*Os estudos comezan sempre cunha avaliación visual do espazo, para determinar as condicións nas que medran as árbores. Despois ven a avaliación en si, tamén visual analizando todas as partes da árbore, e complementada, se é preciso, con instrumentos de diagnóstico como o tomógrafo de impulsos sonoros, o resistógrafo e outros. Ás veces, sobre todo cando se observan síntomas, tamén se toman mostras de solo ou da planta para facer as análises fitopatolóxicas e edafolóxicas nos laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro. Do estudo pormenorizado do conxunto de datos obtido con estes procedementos elabórase o informe, onde se indican os defectos observados, a situación estrutural e fitopatolóxica das árbores e as recomendacións de actuación.*

*No que vai de ano 2024 realizáronse 37 inspeccións pertencentes a 19 concellos diferentes, dos que 27 están finalizados cos seus correspondentes informes xa enviados. As solicitudes*



*pendentes están a espera dos resultados do laboratorio de fitopatoloxía, ao que se entregaron mostras das árbores afectadas.*

*Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica*

*A técnica: Olga Aguin Casal”*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

**3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE ALIMENTACIÓN E VETERINARIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE.: 2024075795)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

*“DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA ENTRE A DIRECCIÓN GENERAL DE ALIMENTACIÓN Y VETERINARIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ESPAÑA)*

*En xullo de 2024 aprobouse o protocolo de actuación para a realización de análise e identificación de pragas de corentena entre a Dirección Xeral de Alimentación e Veterinaria (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Deputación de Pontevedra, España). As pragas incluídas neste protocolo preséntanse na seguinte táboa:*



ESPECIFICAÇÃO / PRAGA
<i>Aleurocanthus spiniferus</i>
<i>Ceratocystis platani</i> (J. M. Walter) Engelbr. & T. C. Harr [CERAFFP]
Cicadellidae (não europeus) conhecidos como vetores de <i>Xylella fastidiosa</i> : <i>Cameocephala fulgida</i> Nottingham [CARNFU]
Cicadellidae (não europeus) conhecidos como vetores de <i>Xylella fastidiosa</i> : <i>Draeculacephala minerva</i> Ball [DRAEMI]
Cicadellidae (não europeus) conhecidos como vetores de <i>Xylella fastidiosa</i> : <i>Graphocephala atropunctata</i> (Signoret) [GRCPAT]
Cicadellidae (não europeus) conhecidos como vetores de <i>Xylella fastidiosa</i> : <i>Homalodisca vitripennis</i> (Germar) [HOMLTR]
<i>Diaphorina citri</i> Kuwayana [DIAACI]
<i>Eotetranychus lewisi</i> (McGregor) [EOTELE]
<i>Epitrix cucumeris</i> (Harris) [EPIXCU]
<i>Epitrix papa</i> Orlova-Bienkowskaja [EPIXPP]
<i>Epitrix subcrinita</i> (Lec.) [EPIXSU]
<i>Epitrix tuberis</i> (Gentner) [EPIXTU]
<i>Keiferia lycopersicella</i> (Walsingham) [GNORLY]
<i>Nemorimyza maculosa</i> (Malloch) [AMAZMA]
<i>Neoleucinodes elegantalis</i> (Guenée) [NEOLEL]
<i>Pityophthorus juglandis</i> Blackman [PITOUJU]
<i>Scirtothrips aurantii</i> Faure [SCITAU]
<i>Scirtothrips citri</i> (Moulton) [SCITCI]
<i>Scirtothrips dorsalis</i> Hood [SCITDO]
<i>Tecia solanivora</i> (Povolný) [TECASO]
<i>Toxoptera citricida</i> (Kirkaldy) [TOXOCI]
<i>Trioza erytaeae</i> Del Guercio [TRIZER]
<i>Unaspis citri</i> (Comstock) [UNASCI]
Grapevine flavescence doree phytoplasma [PHYP64]
<i>Elsinoë fawcettii</i> Bitanc. & Jenkins [ELSIFA]
<i>Geosmithia morbida</i> Kolarik, Freeland, Utlej & Tisserat [GEOHMO]
<i>Tobacco ringspot virus</i> [TRSV00]
<i>Tomato Brown Rugose Fruit Virus</i> [TOBRFV]
<i>Tomato Leaf Curl New Delhi Virus</i> [TOLCND]
<i>Tomato ringspot virus</i> [TORSV0]

Polo momento, nos meses de agosto a outubro recibíronse no laboratorio da EFA 52 mostras (35 con 1.822 exemplares de insectos, 6 de sementes e 11 de plantas) para a determinación de diferentes pragas. 45 mostras xa están finalizadas e enviadas, e o resto pendentes de analizar.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A técnica: Olga Aguiñ Casal”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

#### **4.- DAR CONTA DA INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAPÍTULO SERENÍSIMO DO ALBARIÑO RÍAS BAIXAS (EXPTE.: 2024075802)**



De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

**“DAR CONTA DA INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAPÍTULO SERENÍSIMO DO ALBARIÑO RÍAS BAIXAS**

*Un dos principais obxectivos do Servizo Turismo Rías Baixas é a promoción do destino é crear unha imaxe global de marca baixo a denominación “Rías Baixas”, englobando todo o territorio da provincia de Pontevedra. Para elo, é importante colaborar na celebración de actividades que teñan a capacidade de atraer a visitantes e diversificar o interese dos mesmos na nosa provincia. O Capítulo Serenísimos do Albariño é unha asociación de Cambados dedicada a promover e difundir a cultura do viño albariño. Son os encargados de fallar o mellor caldo na festa do albariño nas categorías de ouro, prata e bronce, escollido por un xurado profesional. Así mesmo, a asociación ten a encomenda de dar o pregón da festa.*

*Xerarquicamente conta cun Gran Mestre, un Chanceler, un Copeiro Maior e damas e cabaleiros. En caso de ausencia do Gran Mestre será o Copeiro maior quen exerza coma tal. Dous pregoeiros destacados ó longo da historia son José María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro.*

*A primeira acta dun premio data do ano 1969, todas as elaboradas desde entón recóllense nun volume editado por Bibliófilos Gallegos, unha obra que contén unha recompilación histórica con cita expresa a todos os viños e adegas premiados desde os anos 60 ata a actualidade. Nese mesmo ano, Manuel Fraga Iribarne foi nomeado Gran Mestre do Capítulo Serenísimos do Albariño.*

*Unha das principais actividades da Asociación do Capítulo Serenísimos do Albariño Rías Baixas, que naceu da man de Cunqueiro, Cabanillas ou Fole en 1969 e por cuxas filas pasaron personalidades tan dispares como Camilo José Cela, Charles de Gaulle ou Julio Iglesias, é o seu capítulo que se celebra o día grande da Festa do Albariño de Cambados e é a máis antiga de todas as galegas.*

*No evento dende xa fai anos se celebra un desfile de Donas e Cabaleiros vestidos coas capas deseñadas por Adolfo Domínguez, e posteriormente se Inviste os seus novos membros mediante a imposición da tradicional capa azul, e no mesmo acto agasallan a persoas que serán recoñecidos coas distincións de «Albariñenses de Honra», «Follas de Prata» e «Xóvenes Albariñenses».*

*Sen dubida tratase dun evento dunha alta importancia para a promoción do enoturismo, posto que tal e como reza no Plan estratéxico de turismo “Rías Baixas Turismo 61” Cada unha das persoas que realiza enoturismo computa un gasto medio diario de 201,8 euros, segundo datos extraídos do informe de Análise da demanda turística Rutas del Vino de España, publicado en outubro de 2023. Esta é unha cifra moi superior á que reflicte o gasto medio diario dun ou dunha turista nacional nas súas viaxes por España. Trátase dun perfil con interese por coñecer o destino e as súas localidades, que realiza outras actividades e que prefire pernoctar na contorna, polo que unha boa oferta enoturística non se cingue á visita a bodegas e viñedos ou á degustación de bos viños.*

*Por outra parte, na enquisa realizada ao abeiro do citado plan estratéxico, o enoturismo quedou sinalado como un dos produtos turísticos clave no futuro do destino. Así, case a metade das*





*persoas consultadas outorgáronlle unha puntuación de máxima prioridade na folia de ruta para os vindeiros anos.*

*Tal é como se sinalada no Plan “Rías Baixas turismo 61” temos que aproveitar o carácter descentralizador do enoturismo como unha oportunidade de desenvolvemento económico e redistribución de riqueza en contornas rurais. Trátase, ademais, dun segmento con gran potencial en termos de internacionalización, cuestión a ter en conta á hora de deseñar e executar estratexias de promoción e comercialización, por iso a promoción dunha actividade como a do Capítulo serenísimo adoita ser a base para a promoción e axuda a un sector primario que está a converter o albariño da súas vides no buque insignia do destino Rías baixas.*

*A conformación de todo destino turístico parte do territorio no cal se asenta. A riqueza natural da provincia de Pontevedra supón, por un lado, un importante activo que permite conformar unha oferta turística atractiva e de calidade, pero, por outra parte, implica unha serie de compromisos na súa preservación. Neste sentido, é imprescindible definir actuacións que se comprometan na súa xestión sostible do territorio, tal e como amosan facer os adegueiros da provincia.*

*Obsérvanse, razóns económicas, públicas e sociais que xustifican a colaboración da Deputación de Pontevedra nesta acción*

#### **NORMATIVA APLICABLE**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024*
- *Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMIENTO TÉCNICO**

*A Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS) establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, engadindo que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. (art. 22.2.a LXS). No mesmo sentido, o artigo 22 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. Queda acreditado, polo exposto anteriormente porque o evento en si mesmo é a razón de ser da Festa do Albariño, declarada de Interese Turístico internacional, que existen razóns de interese social e económico que xustifican a concesión da subvención.*

*A base 16.1.c) das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024, no apartado 3º establece a competencia da Presidencia cando se trate de subvencións de concesión directa: “Concesión directa, compétenlle as que non superen os 6.000,00 euros para un mesmo beneficiario, unha mesma finalidade e nun mesmo exercicio. Así mesmo, compétenlle por delegación do Pleno as que superen os 6.000,00 euros e non superen os 60.000,00 euros.”*

*Da documentación achegada e que consta no expediente, resulta que se cumpren as condicións establecidas na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.*

*Por todo o anterior,*

*Dáse conta Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, a incoación do expediente de subvención directa a Asociación do capítulo serenísimo dunha subvención directa de 10.000,00 €.*



*Asinado dixitalmente na data indicada á marxe*

*Asdo.: Ruth González Reyes”*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

**5.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA ADENDA AO CONVENIO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS (CSIC) PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS EN XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ESTUDOS DE MATERIAIS (EXPTE.: 2022033316)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación, a proposta de ditame co seguinte teor literal:

“ASUNTO: DITAMINAR A APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE ENCOMIENDA DE XESTIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS (CSIC) PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS EN XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ESTUDOS DE MATERIAIS

Visto o informe xurídico da xefa do Servizo de Turismo, de 11 de novembro de 2024 e o informe da prórroga do 13 de novembro de 2024 sobre a addenda ao convenio de encomenda de xestión da Deputación de Pontevedra ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materias.

Considerando que o 14 de maio de 2022 Secretaría informa favorablemente o texto do convenio.

Considerando que o 19 de novembro de 2024 Intervención informa favorablemente o expediente.



Considerando que segundo o disposto no artigo 47.2.h) en relación con artigo 33.2.ñ), ambos da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a aprobación da addenda do convenio corresponde ao Pleno por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación.

#### PROPONSE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO

Ditaminar o expediente e, en consecuencia, elevar ao órgano competente, addenda ao convenio de encomenda de xestión da Deputación de Pontevedra ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materias cuxo texto é como segue:

“ADENDA DE PRÓRROGA AL “CONVENIO DE ENCOMIENDA DE GESTIÓN ENTRE LA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Y LA AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC), A TRAVÉS DEL INSTITUTO DE CIENCIAS DEL PATRIMONIO, PARA REALIZAR INTERVENCIONES EN YACIMIENTOS ARQUEOLÓGICOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA Y ESTUDIOS DE MATERIALES”, FIRMADO EL 8 DE JUNIO DE 2022

#### INTERVIENEN

De una parte, Luís López Diéguez, Presidente de la Diputación de Pontevedra, actuando en virtud de las competencias que le atribuye el artículo 34.1.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local.

Y de otra, D. Carlos Closa Montero, en su condición de Vicepresidente de Organización y Relaciones Institucionales de la Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), nombrado por Acuerdo del Consejo Rector del CSIC, en su reunión de 30 de noviembre de 2022 (BOE 23/12/2022. Res. Presidencia CSIC de 14 de diciembre de 2022, por la que se resuelve convocatoria de libre designación), actuando en nombre y representación de esta institución en virtud de las competencias que tiene delegadas por Resolución de 5 de diciembre de 2023 de la Presidencia del CSIC (BOE de 18 de diciembre siguiente), en su artículo 12.1.b). Organismo con sede central en Madrid (CP 28006), domicilio institucional en calle de Serrano 117 y NIF Q-2818002-D.





Actúa como fedatario público de esta adenda Carlos Cuadrado Romay, secretario general de la Diputación de Pontevedra.

Actuando las partes en razón de sus respectivos cargos y reconociéndose mutuamente capacidad y facultades suficientes para formalizar la presente adenda,

## EXPONEN

I. Que, en fecha 8 de junio de 2022, las partes suscribieron un convenio con la finalidad de articular la encomienda de gestión de la Diputación de Pontevedra al CSIC, para que a través del Instituto de Ciencias del Patrimonio (INCIPIT), realizase actividades de carácter material y técnico necesarias para el ejercicio de la competencia de difusión, protección y fomento del valor cultural de los bienes del patrimonio cultural de la provincia de Pontevedra.

II. Que la cláusula decimocuarta del convenio (“Duración del convenio y prórroga”) indica que su vigencia se extenderá hasta el 31 de diciembre de 2024. Asimismo, señala que “el convenio podrá ser objeto de prórroga expresa por un periodo máximo de un año, siempre que ambas partes lo acuerden antes de la finalización de su vigencia, mediante la suscripción de adenda a tal efecto”.

Que las partes, debido a que se han producido una serie de retrasos en alguno de los trabajos previstos en el convenio matriz por causas ajenas a las mismas, entienden necesario extender la vigencia del convenio de encomienda de gestión por un periodo de seis meses. Ambas así lo han acordado en la reunión de la comisión de seguimiento del convenio efectuada en fecha 28 de octubre de 2024. Por ello, es voluntad de aquéllas suscribir la presente adenda para extender la vigencia del convenio y continuar dando cobertura jurídica a las actuaciones que en él se recogen, con sujeción a los términos que establecen las siguientes

## CLÁUSULAS

Primera.- Objeto.

El objeto de esta adenda es prorrogar, por un período de seis meses, el convenio suscrito con fecha 8 de junio de 2022 entre la Diputación de Pontevedra y el CSIC.



Segunda.- Invariabilidad del resto del clausulado.

Para todo lo no previsto en la presente adenda serán de aplicación las cláusulas establecidas en el convenio de referencia. En consecuencia, esta adenda se integra en el mismo como parte inseparable.

Tercera.- Naturaleza jurídica y vigencia.

La presente adenda tiene igual naturaleza jurídica que el convenio del que trae causa y, por ello, se instrumenta de acuerdo con la previsión que recoge el artículo 11 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. Una vez suscrita, la adenda prorrogará la vigencia del convenio matriz hasta el 30 de junio de 2025.

Y en prueba de conformidad, las partes suscriben electrónicamente la presente adenda, constandingo como fecha la correspondiente a la de la última firma realizada.”

Asinado electronicamente: Ruth González Reyes”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente ditamina favorablemente por unanimidade a proposta referida “ut supra”.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

*(documento asinado electronicamente)*

Marcos Areán González

